



Resolución do 11 de febreiro de 2019 do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o posto de director/a da Área de Innovación Forestal da Axencia Galega da Industria Forestal da Administración da Xunta de Galicia pola que se fan públicos diversos acordos

En sesión que tivo lugar o 11 de febreiro de 2019 o tribunal nomeado pola resolución de 23 de outubro de 2018 para avaliar o proceso de selección para a cobertura dun posto de director/a da Área de Innovación Forestal da Axencia Galega da Industria Forestal

ACORDOU

Primeiro.- Desestimar ás alegacións presentadas contra as notas da fase II do procedemento de selección.

Segundo.- Segundo o establecido na base 14ª.1 da convocatoria a cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases. Á vista deste artigo o tribunal fai pública a lista definitiva coa suma das puntuacións obtidas en ambas fases ordenadas por orde decrecente:

Nome e apelidos	Fase I	Fase II	Total
Montserrat Rodríguez Ojea	65,48	7,83	73,31
Mª José Cortés Jiménez	63,06	2,00	65,06
Fernando Sanz Infante	59,63	4,33	63,96

A publicación realizarase nos lugares indicados na base 12ª.5 da convocatoria.

Terceiro.- Á vista das puntuacións obtidas e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria este tribunal propón a Montserrat Rodríguez Ojea como candidata ao posto de directora da Área de Innovación Forestal da Axencia Galega da Industria Forestal e eleva esta proposta ao director da Axencia Galega da Industria Forestal.

Santiago de Compostela, a 11 de febreiro de 2019

A presidenta do Tribunal

Flor Álvarez Taboada